



RESOLUCIÓN

ASUNTO: INSTRUCIÓNS XERAIS NO SERVIZO ESCOLA DE MÚSICA 2021/2022.

EXPEDIENTE DECRETO: 2021/G003/000608

ANTECEDENTES:

Considerando que esta Administración está en proceso de licitación do Servizo da Escola de Música para o vindeiro curso 2021/2022. (Expediente Nº 2021/C004/000001) e resultando que se ofertan as prazas incluídas no Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación referída, pola presente procédese, de cara a unha eficacia e eficiencia na prestación do servizo, a ditar a presente Resolución.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Decretar as seguintes INSTRUCIÓNS:

a) Renovación de matriculación

Os alumnos/as que están cursando estudos durante o curso 2020/21 teñen a posibilidade de **renovar**, no Rexistro Xeral do Concello, a súa matrícula para o vindeiro curso 2021-22 no período comprendido entre os días **1 e 30 de xuño**. De non renovar a matrícula neste período, as súas prazas pasarán a formar parte da oferta de prazas vacantes que se ofrecerán a aquelas persoas que se matriculen por primeira vez na Escola.

b) Alumnos/as de novo ingreso

Rematado o prazo de renovación de matrículas, publicarase, no taboleiro de anuncios da Escola de Música, a oferta de prazas vacantes para alumnos/as de novo ingreso. O prazo para reservar, no Rexistro Xeral do Concello, algunha destas prazas vacantes comprenderá desde o **12 ata o 30 de xullo**. Para a súa adxudicación terase en conta a orde de entrada das solicitudes.

c) Publicación da **lista de admitidos de novo ingreso e prazo para matricularse**

Nos días seguintes, publicarase no taboleiro de anuncios da Escola de Música o listado de alumnos/as admitidos que terán do **9 de agosto ata o 6 de setembro** para facer efectiva a súa matrícula, no Rexistro Xeral do Concello.

d) Unha vez transcurrido o prazo de matriculación, todas aquelas persoas que non formalizaran a mesma perderán todos os seus dereitos como alumnos/as e pasarán, en caso de solicitalo, á lista de espera do seu curso e materia correspondente.

Ó longo do curso poderanse realizar as matrículas que sexan necesarias sempre e cando existan prazas vacantes no grupo e horario demandado e non altere o desenvolvemento académico do curso. Terán prioridade as persoas que se atopen na lista de espera.

Dita lista únicamente será válida para o curso académico en vigor.

e) Baixas durante o curso

Aqueles alumnos/as que queiran darse de baixa unha vez iniciado o curso, presentarán ésta no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera medio do artigo 16 da Lei 39/2015 no impreso específico para tal fin. Deberán presentala 15 días antes de rematar o mes no que vaian a causar baixa, procedendo o Concello a devolver a parte proporcional das clases non consumidas, sen contar a matrícula.

f) Impago das cuotas

O impago das cuotas por parte dos alumnos/as da Escola dará lugar a súa baixa da mesma perdendo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2021/G003/000608

os dereitos de renovación da súa praza para o seguinte curso, previo trámite de audiencia conforme a Lei 39/2015.

SEGUNDO.-Que se proceda a publicación da presente resolución na páxina web do Concello e Taboleiros habilitados, e demais interesados no procedemento aos efectos oportunos.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]